

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 7 de agosto de 2012 pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.*

O Estatuto de autonomía para Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego e potenciar o seu emprego. Neste sentido, o artigo 1 do Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dispón que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Pola súa parte, o artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4 do artigo 60, dispónse que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

Por iso, en uso das funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto convocar, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior e cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), nos niveis 1, 2, 3 e 4, para o ano 2012, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos II e IV, respectivamente.

Os cursos impartiranse entre setembro de 2012 e febreiro de 2013, en horario de mañá ou de tarde.

#### Artigo 2. *Destinatarios dos cursos*

a) Os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior van dirixidos ao persoal das diferentes administracións públicas de Galicia, exceptuando o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario.

Toda persoa solicitante deberá encontrarse en situación de servizo activo ou ben en excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar; e aquela que no inicio do curso se encontre en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

Poderán tamén solicitar a realización destes cursos as persoas maiores de dezaseis anos que non sexan empregados/as públicos/as e posúan os certificados ou acreditacións equivalentes recollidos na letra a) do artigo 3 desta orde. Neste suposto só se poderá optar ás prazas no caso de que non sexan cubertas por empregados/as públicos/as as prazas ofertadas para cada curso.

b) Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aquelas que os cumpran no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para certificar a súa competencia en lingua galega.

#### Artigo 3. *Solicitudes e prazos*

a) Para os cursos de linguaxe administrativa galega, as solicitudes (segundo o modelo que figura como anexo I desta orde) presentaranse na secretaría da escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, remitirase unha copia da solicitude de matrícula e de toda a documentación requirida por fax ou correo electrónico á escola oficial de idiomas correspondente, sempre coa maior celeridade posible e dentro do prazo de presentación establecido nesta orde, para que poida ser tida en conta na selección.

Así mesmo, tamén poderán presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>

O prazo para a presentación das solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e ata o día 10 de setembro de 2012.

O alumnado que aspire a participar nos cursos de linguaxe administrativa galega engadirá ao modelo de solicitude o xustificante de ser persoal das diferentes administracións públicas de Galicia en situación de servizo activo ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar.

Para acceder ao curso medio de linguaxe administrativa os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos certificados seguintes: Celga 4, cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.

Para acceder ao curso superior de linguaxe administrativa os/as aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos certificados seguintes: curso medio de linguaxe administrativa galega, curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes que se establecen no punto 2 do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño), pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Os/as solicitantes non deberán acreditar a posesión dos certificados que se indican nos parágrafos anteriores, agás nos casos de validacións dos niveis correspondentes, caso en que deberán presentar as correspondentes copias cotexadas xunto coa solicitude.

En todo caso, se nos arquivos da Administración non constase algún dos anteditos certificados, seralle solicitado á persoa interesada para que o achegue antes de comezar o curso.

Só se poderá facer unha solicitude dun único curso nunha soa escola oficial de idiomas. De existir máis dunha solicitude do mesmo aspirante, anularanse todas as súas peticións.

b) Para os cursos preparatorios de lingua galega, Celga, as solicitudes (segundo o modelo que figura no anexo III desta orde) presentaranse na secretaría da escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso, sen prexuízo do dereito á presentación de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do proce-

demento administrativo común. Neste caso, remitirase unha copia da solicitude de matrícula e a documentación requirida por fax ou correo electrónico á escola oficial de idiomas correspondente, sempre coa maior celeridade posible e dentro do prazo de presentación establecido nesta orde, para que poida ser tida en conta na selección.

Así mesmo, tamén poderán presentarse electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>

O prazo para a presentación das solicitudes será a partir do día seguinte ao da publicación desta orde e ata cinco días antes da data establecida por cada escola oficial de idiomas para o inicio do curso.

#### Artigo 4. *Asignación das prazas*

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25.

Se un curso ten un número de solicitantes, que cumpran os requisitos, maior que o número de prazas dispoñibles, a asignación farase por sorteo. Finalizado o prazo de solicitude, cada escola fará un sorteo en acto público no cal se extraerá unha letra de prioridade para o primeiro apelido.

As escolas oficiais de idiomas ordenarán alfabeticamente as listaxes de aspirantes que cumpran os requisitos para cada curso polo primeiro apelido, o segundo apelido, o primeiro nome e, de ser o caso, o segundo nome. As prazas para cada curso que se realice nesa escola adxudicaranse seguindo a orde da listaxe de aspirantes, e comezando pola primeira persoa cuxo primeiro apelido coincida coa letra obtida no sorteo. De non haber aspirantes co primeiro apelido da letra obtida no sorteo, pasarase á letra inmediatamente seguinte por orde alfabética.

As listas de seleccionados/as para participar tanto nos cursos de linguaxe administrativa galega como nos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, así como as datas de comezo destes, faranse públicas nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso e na súa páxina web.

No caso de que un curso non acade o número mínimo de participantes, decaerá a súa realización, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. No caso de suspensión do curso, a escola oficial de idiomas comunicará esta circunstancia aos/ás solicitantes.

Artigo 5. *Características dos cursos de linguaxe administrativa galega: contidos, profesorado e avaliación*

1. Os cursos medio e superior de linguaxe administrativa galega axustaranse aos contidos sinalados nos anexos I e II, respectivamente, da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño), pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

2. Cada curso terá unha duración de 75 horas, distribuídas da seguinte maneira: 60 horas lectivas, coa obrigada presenza do alumnado nas aulas, e 15 horas de tratamento individualizado conducentes a que cada alumno/a elabore e presente un traballo, de carácter obrigatorio, programado polo/a profesor/a.

3. Con carácter xeral, corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego con destino definitivo nas escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso, así como avaliar o alumnado e levar os correspondentes rexistros de asistencia. Igualmente, unha vez rematados os cursos, o profesorado deberá entregar nos respectivos gabinetes provinciais de normalización lingüística: a acta do curso, o informe do curso e a proba final e os traballos corrixidos que se indican no número 4 deste artigo.

4. O sistema de avaliación do alumnado dos cursos de linguaxe administrativa galega basearase no principio da avaliación continua. En calquera caso é obrigatorio:

- A realización de cinco traballos ou exercicios feitos nas aulas durante os cursos.
- A entrega dun traballo final feito fóra das aulas polos/as alumnos/as. Para os cursos medios a extensión mínima do traballo é de 5 páxinas, e para os superiores de 8 páxinas. Os traballos constarán das seguintes partes: un ou varios documentos orixinais; a corrección ou, se é o caso, tradución mellorada dese(s) documento(s); un comentario razoado dos cambios introducidos.
- Unha proba final.

Rematado cada curso e logo de o/a profesor/a entregar a correspondente acta e o resto da documentación antes referida, o alumnado que adquira a cualificación de apto/a recibirá o correspondente certificado asinado pola persoa responsable da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

5. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003. Do mesmo xeito acordarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos temas previstos no artigo 10 da citada lei.

6. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia, xustificada ou non, de cada un/unha dos/as asistentes non poderá ser superior ao 10 % da duración total do curso.

*Artigo 6. Características dos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga: contidos, profesorado e avaliación*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo) pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 60 horas lectivas.

3. Corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego das escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística. Do mesmo xeito acordarase especialmente o respecto rigoroso da toponimia oficial nos temas previstos no artigo 10 da citada lei.

5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega, Celga, cuxa expedición compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

*Artigo 7. Cursos que se ofertan*

1. Os cursos de linguaxe administrativa galega ofertados nas distintas escolas oficiais de idiomas de Galicia figuran no anexo II desta orde.

2. A oferta dos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, aparece no anexo IV.

3. A oferta de cursos recollida nesta orde poderá ser ampliada en función da organización académica de cada escola, caso en que as escolas oficiais de idiomas farán pública a nova oferta con anterioridade suficiente ao inicio dos cursos.

#### Disposición derradeira única

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2012

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA QUE SE REALIZARÁN NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104G</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

Os campos sinalados con \* son obrigatorios

<b>DATOS DO/A SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	CORPO, ESCALA OU CATEGORÍA (1)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
GRUPO (1)	Nº DE REXISTRO DE PERSOAL (1)	DENOMINACIÓN DO POSTO (1)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CENTRO DE DESTINO ACTUAL (1)		ADMINISTRACIÓN (1)	
<input type="text"/>		<input type="radio"/> Local <input type="radio"/> Autonómica <input type="radio"/> Estatal	
ENDEREZO DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL (RÚA E Nº) (1)		TELÉFONO ext. (1)	LOCALIDADE DE TRABALLO (1)
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL (1)	PROVINCIA (1)	CONCELLO (1)	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Cubrir só no caso de persoal ao servizo das administracións públicas.

<b>DATOS DO CURSO SOLICITADO</b>			
NIVEL	ORDE DE CONVOCATORIA	DOG Nº	DATA DA PUBLICACIÓN
<input type="radio"/> MEDIO <input type="radio"/> SUPERIOR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE		DÍAS E HORAS	DATA DE INICIO
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR**

- Xustificante de ser persoal ao servizo das diferentes administracións públicas de Galicia en situación de servizo activo ou excedencia por coidado dun fillo ou dun familiar.
- Nivel medio: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o Celga 4, os cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, o curso básico de linguaxe administrativa galega, o curso básico para o persoal da Administración de xustiza ou o curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.
- Nivel superior: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes que se establecen no punto 2 do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño), pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Declaro a veracidade de todos os datos consignados na solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 7 de agosto de 2012 pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.

**SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data

,  de  de

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**ANEXO II**  
**Relación de cursos de linguaxe administrativa ofertados**

EOI de Ferrol  
Real, 29  
15402 Ferrol  
Teléfono: 981 32 40 25  
Fax: 981 37 01 45  
Correo electrónico: eoi.ferrol@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Outubro 2012	Decembro 2012	9.30-11.30	-	Luns, mércores e venres
Medio	Setembro 2012	Xaneiro 2013	-	16.30-18.30	Martes e xoves

EOI de Santiago de Compostela  
Ulpiano Villanueva, 1-2  
15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 55 47 10  
Fax: 981 55 48 75  
Correo electrónico: eoi.santiago@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	11.00-13.00	-	Martes e venres
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	13.00-15.00	-	Martes e venres
Superior	Outubro 2012	Xaneiro 2013	11.00-13.00	-	Martes e xoves
Superior	Outubro 2012	Xaneiro 2013	13.00-15.00	-	Martes e xoves

EOI de Lugo  
Rolda Músico Xosé Castiñeira, 1  
27002 Lugo  
Teléfono: 982 28 48 93  
Fax: 982 28 48 94  
Correo electrónico: eoi.lugo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Superior	Outubro 2012	Decembro 2012	12.00-15.00	-	Martes e xoves

EOI de Ourense  
Mestre Vide, s/n  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 36 60 73  
Fax: 988 36 61 84  
Correo electrónico: eoi.ourense@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Setembro 2012	Decembro 2012	9.00-11.00 9.00-10.00	-	Luns e mércores Venres
Medio	Outubro 2012	Decembro 2012	8.30-11.30	-	Martes e venres
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	9.00-11.00 10.00-11.00	-	Martes e xoves Venres

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Outubro 2012	Decembro 2012	11.30-14.30	-	Martes e venres
Superior	Outubro 2012	Decembro 2012	12.00-15.00	-	Martes e venres
Superior	Outubro 2012	Decembro 2012	-	20.30-22.00	Luns, martes, mércores e xoves

EOI de Pontevedra  
Celso Emilio Ferreiro, s/n  
36005 Pontevedra  
Teléfono: 988 83 30 18  
Fax: 986 87 39 70  
Correo electrónico: eoi.pontevedra@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	9.00-12.00	-	Martes e venres
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	16.30-18.30	Luns, mércores e xoves
Superior	Outubro 2012	Xaneiro 2013	9.00-12.00	-	Martes e venres
Superior	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	16.30-18.30	Luns, mércores e xoves

EOI de Vigo  
Avenida Emilio Martínez Garrido, 17  
36205 Vigo  
Teléfono: 986 26 02 10  
Fax: 986 26 25 99  
Correo electrónico: eoi.vigo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Medio	Setembro 2012	Decembro 2012	10.30-13.00	-	Martes e xoves
Medio	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	17.30-20.00	Mércores e venres
Superior	Outubro 2012	Xaneiro 2013	9.00-11.30	-	Mércores e venres
Superior	Setembro 2012	Decembro 2012	-	17.30-20.00	Martes e xoves



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO III

PROCEDEMENTO <b>CURSOS PREPARATORIOS PARA OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA, CELGA,                  QUE SE REALIZARÁN NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104H</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

Os campos sinalados con \* son obrigatorios

<b>DATOS DO/A SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS DO CURSO SOLICITADO</b>			
NIVEL			
<input type="radio"/> CELGA 1	<input type="radio"/> CELGA 2	<input type="radio"/> CELGA 3	<input type="radio"/> CELGA 4
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE	DATA DE INICIO	DÍAS E HORAS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 7 de agosto de 2012 pola que se convocan, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.

**SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL**

Lugar e data ,  de  de



**ANEXO IV**  
**Relación de cursos Celga ofertados**

EOI da Coruña  
Pepín Rivero, 1  
15011 A Coruña  
Teléfono: 981 27 91 00  
Fax: 981 27 91 16  
Correo electrónico: eoi.corunha@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 3	Setembro 2012	Xaneiro 2013	11.00-13.15	-	Martes e venres

EOI de Ferrol  
Real, 29  
15402 Ferrol  
Teléfono: 981 32 40 25  
Fax: 981 37 01 45  
Correo electrónico: eoi.ferrol@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2012	Febreiro 2013	-	18.30-20.30	Martes e xoves
Celga 3	Outubro 2012	Decembro 2012	11.30-13.30	-	Luns, mércores e venres
Celga 4	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	18.00-20.00 16.00-18.30	Martes Venres

EOI de Santiago de Compostela  
Ulpiano Villanueva, 1-2  
15705 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 554710  
Fax: 981 554875  
Correo electrónico: eoi.santiago@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 4	Setembro 2012	Xaneiro 2013	12.00-14.00	-	Luns e venres

EOI de Ourense  
Mestre Vide, s/n  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 36 60 73  
Fax: 988 36 61 84  
Correo electrónico: eoi.ourense@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Outubro 2012	Decembro 2012	11.00-13.00	-	Luns, martes e xoves

EOI de Pontevedra  
Celso Emilio Ferreiro, s/n  
36005 Pontevedra  
Teléfono: 986 83 30 18  
Fax: 988 87 39 70  
Correo electrónico: eoi.pontevedra@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Outubro 2012	Decembro 2012	-	18.30-20.30 20.00-21.30 18.30-21.00	Martes Mércores Xoves

EOI de Vigo  
Avenida Emilio Martínez Garrido, 17  
36205 Vigo  
Teléfono: 986 26 02 10  
Fax: 986 26 25 99  
Correo electrónico: eoi.vigo@edu.xunta.es

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Outubro 2012	Decembro 2012	11.30-14.00	-	Luns e mércores
Celga 3	Setembro 2012	Decembro 2012	10.30-13.00	-	Martes e xoves
Celga 3	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	17.30-20.00	Mércores e venres
Celga 4	Outubro 2012	Xaneiro 2013	-	17.30-20.00	Luns e xoves